

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE AGOSTO DE 2022.

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de agosto de 2022, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.^a LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ e D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e a Interventora Xeral Municipal accidental, dona María Concepción Castro-Gil Iglesias, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase conceder as seguintes licenzas urbanísticas: para rehabilitación de edificación existente na rúa Montirón, número 118. (exp. 2021/Y001/000050).; para reforma da instalación de lavado na estación de servizo do carqueixo con agrupación de dúas parcelas, na estrada LU-530 Km 3, núcleo rural tradicional de Barbaín, parroquia de Santa María de Bóveda. (2022/Y001/000002) e para construción dun almacén agrícola de dimensións exteriores de 10,00 m de lonxitude X 7,00 m de largo, a edificar en planta baixa, coas seguintes zonas: unha zona de almacén de 44,00 m², un local para máquinas e aveños de 22,00 m², e un local para instalación de baño químico de 4,00 m² en Astariz, o Veral. (exp. 2021/Y001/000188).

ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS

2. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas así como do gasto e a adxudicación por procedemento negociado sen publicidade na contratación para o patrocinio publicitario con motivo da celebración no Concello de Lugo do festival "Caudal Fest 2022" e a apertura do procedemento de contratación exp. ref. 2022/C005/00009.

Tamén se acorda a delegación de competencias na Tenenta de Alcaldesa Delegada da Área de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación con diferentes expedientes relativos ás festas de san froilán 2022.

3. FOMENTO.- Acórdase a aprobación do Convenio de colaboración entre o Concello de Lugo e a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) para a

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac71775590366891331.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-8-2022

xestión da programación da rede galega de teatros e auditorios do segundo semestre do ano 2022.

4. PERSOAL.- Acórdase o nomeamento como funcionarios/as de carreira do excmo. concello de lugo, para desempeñar a praza de arquitecto/a (grupo de titulación: grupo a (subgrupo A1); escala: administración especial; subescala: técnica; clase: superior.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a corrección de erro no importe de devolución do imposto sobre construcións, instalacións e obras do acordo núm. 9/469 adoptado pola XGL na sesión do 03/08/2022.

ÁREA DE GOBERNO DE ALCALDÍA

6. INTERVENCIÓN.- Acórdase a aprobación da instrución sobre rexistro contable de facturas e a súa tramitación.

Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.